

4 FASCÍCULOS DE ARTE

TALLER CON MIGUEL PALMA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

23-26 abril 2013

“Convido a todos os estudantes a desenvolver ideas e a poñelas en práctica, antes de que sexa tarde”.

Miguel Palma

Miguel Palma é, entre os artistas portugueses da súa xeración, un dos que acadaron maior proxección internacional.

O taller comezará cunha visita á mostra que acolle o CGAC, *Miguel Palma. Desconforto moderno*, en compañía do propio artista. Este conxunto de traballos que engloban a súa traxectoria inclúe vídeos, debuxos, *performances* e instalacións de complexa enxeñaría, cos que Palma formula conceptos como o fracaso, o progreso, a destrución ou a dexeneración, que desafían a idea dunha sociedade tecnolóxica, moderna e supostamente avanzada.

Moitas das súas obras son maquetas que revelan unha realidade manipulada e subvertida. Facsímiles dun mundo actual acelerado e desbocado que esteticamente, porén, desprenden un aire nostálgico, vinculado estreitamente coa historia do seu país, coa súa infancia e coas súas lembranzas persoais, e que evocan unha época pasada onde a máquina se vivía desde a inocencia e o entusiasmo polo novo.

Os seus dispositivos deixan ao descuberto parte do seu sistema operativo coa intención clara de amosar o funcionamento das cousas, de descubrir as súas entrañas e de conseguir que o público entenda a construción das obras na súa totalidade. Pretende afastarse desa tendencia á especialización instaurada durante a modernidade, onde as cadeas de montaxe divididas en compartimentos estancos abocaron os operarios e os usuarios ao descoñecemento dos produtos e dos conceptos de xeito integral.

Interésanlle áreas de traballo non directamente asociadas á produción artística. A súa actividade, mestúrase coa de escultores, debuxantes, electricistas, enxeñeiros, científicos... e entrega a terceiros a execución física dos proxectos que coordina, identificándose co espectador, desde o inicio do proceso creativo.

A súa paixón polos xoguetes infantís (pistolas, ferramentas, camiós, coches, barcos, avións...) levouno a coleccionar esta serie de obxectos cos que despois inventaría estrañas máquinas e artefactos



Miguel Palma: *Plataforma*, 2008. © Miguel Palma

“Invito a todos los estudiantes a desarrollar ideas y ponerlas en práctica, antes de que sea tarde”.

Miguel Palma

Miguel Palma es, entre los artistas portugueses de su generación, uno de los que han adquirido mayor proyección internacional.

El taller comenzará con una visita a la exposición que acoge el CGAC, *Miguel Palma. Malestar moderno*, en compañía del propio artista. Este conjunto de trabajos que engloban su trayectoria incluye vídeos, dibujos, *performances* e instalacións de compleja ingeniería, con los que Palma formula conceptos como el fracaso, el progreso, la destrucción o la degeneración, que desafían la idea de una sociedad tecnológica, moderna y supuestamente avanzada.

Muchas de sus obras son maquetas que revelan una realidad manipulada y subvertida. Facsímiles de un mundo actual acelerado y desbocado que estéticamente, sin embargo, desprenden un aire nostálgico, vinculado estrechamente con la historia de su país, con su infancia y sus recuerdos personales, y que evocan una época pasada donde la máquina se vivía desde la inocencia y el entusiasmo por lo nuevo.

Sus dispositivos dejan al descuberto parte de su sistema operativo con la intención clara de mostrar el funcionamiento de las cosas, de descubrir sus entrañas y de conseguir que el público entienda la construcción de las obras en su totalidad. Pretende apartarse de esa tendencia a la especialización instaurada durante la modernidad, donde las cadenas de montaje divididas en compartimentos estancos abocaron a operarios y usuarios al desconocimiento de los productos y de los conceptos de modo integral.

Le interesan áreas de trabajo no directamente asociadas a la producción artística. Su actividad, se mezcla con la de escultores, dibujantes, electricistas, ingenieros, científicos... pone en manos de a terceros la ejecución física de los proyectos que coordina, identificándose con el espectador, desde el inicio del proceso creativo.

Su pasión por los juguetes (pistolas, herramientas, camiones, coches, barcos, aviones...) lo llevaron a coleccionar esta serie de objetos con los que después inventarían estrañas máquinas y artefactos híbridos

híbridos de intrincados sistemas que somete a variacións de escala e transforma contrariando a súa natureza e os seus valores culturais, simbólicos ou prácticos. Estes aparellos disfuncionais, montados en circuitos infinitos de repetición, preséntanse como manifesto dunha actitude desconforme coas problemáticas sociais, o desastre ecolóxico e as estruturas de poder establecidas. Un dominio industrial sobre a nosa civilización que esperta nel sentimentos encontrados de sospeita e fascinación.

Logo de percorrer as salas de exposición, propiciarase unha conversa arredor de diversos conceptos e puntos de vista sobre a arte contemporánea. Os participantes poderán construír a súa propia peza artística —de xeito individual ou en grupo— coa axuda de Miguel Palma, mais sen directrices técnicas nin estéticas. Os únicos límites serán as ambicións que cada persoa teña e os recursos dispoñibles: o material, o espazo e o tempo.

As pezas resultantes poderán ser expostas no Espazo de Proxectos do CGAC.

CURRÍCULO

Miguel Palma naceu en Lisboa en 1964. O seu traballo versa frecuentemente sobre o desenvolvemento tecnolóxico, a ecoloxía, a fe nas imaxes, a idea de poder, o universo infanto-xuvenil e a obsesión pola máquina. A súa obra comprende o debuxo, a escultura, as instalacións multimedia, o vídeo, os libros de artista e a *performance*.

Realizou exposicións individuais e colectivas en diferentes centros e galerías de Europa, América e Asia e está representado en coleccións portuguesas e internacionais como as da Fundação de Serralves do Porto, o Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, a Fundación ARCO e o MUDAM de Luxemburgo.

de intrincados sistemas que somete a variacións de escala y transforma contrariando su naturaleza y sus valores culturales, simbólicos o prácticos. Estos aparatos disfuncionales, montados en circuitos infinitos de repetición, se presentan como manifesto de una actitud desconforme con las problemáticas sociales, el desastre ecológico y las estructuras de poder establecidas. Un dominio industrial sobre nuestra civilización que despierta en él sentimientos encontrados de sospecha y fascinación.

Después de recorrer las salas de exposición, se propiciará una conversación en torno a diversos conceptos y puntos de vista sobre el arte contemporáneo. Los participantes podrán construir su propia pieza artística —de modo individual o en grupo— con la ayuda de Miguel Palma, sin directrices técnicas ni estéticas. Los únicos límites serán las ambiciones que cada persona tenga y los recursos disponibles: el material, el espacio y el tiempo.

Las piezas resultantes podrán ser expuestas en el Espacio de Proyectos del CGAC.

CURRÍCULUM

Miguel Palma nació en Lisboa en 1964. Su trabajo versa frecuentemente sobre el desarrollo tecnológico, la ecología, la fe en las imágenes, la idea de poder, el universo infanto-juvenil y la obsesión por la máquina. Su obra abarca el dibujo, la escultura, las instalaciones multimedia, el vídeo, los libros de artista y la *performance*.

Realizó exposiciones individuales y colectivas en diferentes centros y galerías de Europa, América y Asia y está representado en colecciones portuguesas e internacionais como las de la Fundação de Serralves de Oporto, el Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, la Fundación ARCO y el MUDAM de Luxemburgo.

HORARIO: de 17:00 a 20:00 horas

DESTINATARIOS: artistas, estudantes de Belas Artes, Historia da Arte, Humanidades e Ciencias, e todas aquelas persoas interesadas nas artes plásticas e na expresión artística.

PRAZAS: mínimo 10 / máximo 30

MATRÍCULA: 30 €. Amigos do CGAC: 25 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Para participar é preciso preinscribirse enviando un e-mail a cgac.actividades@xunta.es ou chamando aos teléfonos 981 546 623 ou 981 546 631 indicando o nome completo, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto. Unha vez confirmadas as solicitudes de inscrición, poderán realizarse as matrículas.

HORARIO: de 17:00 a 20:00 horas

DESTINATARIOS: artistas, estudantes de Bellas Artes, Historia del Arte, Humanidades y Ciencias, y todas aquellas personas interesadas en las artes plásticas y en la expresión artística.

PLAZAS: mínimo 10 / máximo 30

MATRÍCULA: 30 €. Amigos del CGAC: 25 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Para participar es necesario preinscribirse enviando un e-mail a cgac.actividades@xunta.es o llamando a los teléfonos 981 546 623 o 981 546 631 indicando el nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto. Una vez confirmadas las solicitudes de inscripción, podrán realizarse las matrículas.

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 / Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.es / www.cgac.org

2013
ANIVERSARIO CGAC

galicia

 XUNTA
DE GALICIA